


A clave Phidias

: 00000440
 : Rascado Shedden, Xosé Andrés
 : A clave Phidias
 : Nume
 : 978-84-92792-89-4
 :
 Serie Negra
 : 12,00€



:

NARRATIVA

ISBN: 978-84-92792-89-4

PÁXINAS: 209

ENCADERNACIÓN: Rústica

13x21

Normal 0 21 false false false

MicrosoftInternetExplorer4

```
/* Style Definitions */ table.MsoNormalTable {mso-style-name:"Tabla normal"; mso-tstyle-rowband-size:0;
mso-tstyle-colband-size:0; mso-style-noshow:yes; mso-style-parent:""; mso-padding-alt:0cm 5.4pt 0cm 5.4pt;
mso-para-margin:0cm; mso-para-margin-bottom:.0001pt; mso-pagination:widow-orphan; font-size:10.0pt;
font-family:"Times New Roman"; mso-ansi-language:#0400; mso-fareast-language:#0400; mso-bidi-language:#0400;}
```

A Clave Phidias pode considerarse, utilizando o símil cinematográfico, unha novela en tres dimensións.

Unha primeira, a do entretemento, na que o seu obxectivo é desenvolver unha trama crible, con certas doses de intriga e capaz de captar o interese do lector que busca, ante todo, pasar un bo rato. Atoparémonos coa seguinte sinopse:

Bernardo e Ramón son dous policías de idades dispares que traballan nunha cidade na que se cometeron unha serie de crimes que semellan estar vencellados. A chegada de Olmedo, un axente sagaz e un tanto excéntrico, precipita a escisión do equipo, transformándose a pescuda nunha loita de egos na que cadaquén tentará demostrar a súa valía. Mentres que o ímpetu dun deles levaralle a patear as rúas tratando de descubrir algunha pista, outro encargárase de analizar minuciosamente as probas atopadas. Altas doses de perspicacia e pericia ademais dun gran número de coñecementos musicais, matemáticos, históricos e lingüísticos se mesturarán nun xogo tramado a medida por un asasino escorregadizo. Acadarano? Serán quen de esquecer egos e desavinzas para conformar un equipo de traballo que funcione? Chegarán a tempo? Estes interrogantes levarannos a un final que sorprenderá a quen tome parte nesta trepidante investigación.

Existe tamén unha segunda dimensión, a da formación, na que se pretende aproveitar o fío narrativo para achegar unha serie de coñecementos en temas tan variados como a etimoloxía das palabras, a historia, as matemáticas, a música ou dar a coñecer o funcionamento dalgúns departamentos dunha gran entidade bancaria. Isto permite, non só acceder a información que pode resultar de interese senón conseguir que o texto soporte con certa facilidade unha segunda ou terceira lectura.

E, por enriba destas dúas visións, incorpórase unha terceira, a da reflexión, coa intención de achegar algunhas http://www.toxosoutos.com/detalle_producto/2id=302id=545/440/

A clave Phidias

ideas e conceptos que axuden a recapacitar sobre aspectos máis xerais como por exemplo a incidencia que teñen, tanto a nivel individual como social, as decisións tomadas por algúns no ámbito laboral ou a confrontación entre dúas visións que ás veces parecen ser antagónicas, a baseada na experiencia e a sustentada pola erudición.

Confórmase así esa visión 3D, tan de moda nestes tempos, onde o ritmo, o humor e o suspense xúntanse nun relato que atraparán ao lector.

Nume:

Prosa e verso da literatura galega